

Defende Gaza! Solidariedade sindical - 29 de novembro

*Comunicado da Rede Sindical Europea pola Xustiza en Palestina **

A medida que se achega o Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino, o mércores 29 de novembro, facemos un chamamento a todos os sindicatos, federacións e confederacións europeas para que respondan o chamamento da clase traballadora e a sociedade civil palestina en favor dun cesamento do fogo xeral inmediato, o pleno acceso á axuda humanitaria e un embargo militar.

Chamamos a un día de acción sindical con accións de solidariedade, sentadas, actividades educativas e protestas. Chamamos a participación nas mobilizacións que terán lugar este mércores 29 de novembro nas universidades galegas, as que están a convocarse os luns en moitas cidades e vilas galegas e nas accións de boicot promovidas polo movemento BDS no noso país. Do mesmo xeito, chamamos a tomar medidas contra as empresas cómplices da aplicación do brutal e ilegal asedio de Israel, especialmente se teñen contratos cos sindicatos, e a continuar estas accións mentres dure a situación.

Desde o ataque de Hamás o 7 de outubro, Israel lanzou o seu brutal ataque de represalia contra a asediada Franxa de Gaza, cun saldo de máis de 14.800 palestinos e palestinas mortas debido aos bombardeos israelís, entre eles uns 6.000 nenos e nenas e 4.000 mulleres.

Israel bombardeou Gaza de forma indiscriminada e intensiva, cortou a subministración de combustible, electricidade, auga, alimentos e medicinas, bombardeou escolas e hospitais, arrasou barrios enteiros e aniquilou a familias enteiras. Persoal da ONU pediu "a prevención do xenocidio" en Gaza e advertiron da "limpeza étnica masiva de palestinas e palestinos".

Na Cisjordania ocupada, a poboación palestina está a sufrir un aumento da violencia por parte das forzas de ocupación e dos colonos israelís, con máis de 200 palestinos mortos, entre eles 52 nenos, 2.800 persoas feridas, 1.000 desprazadas e 1.800 detidas desde o 7 de outubro.

Apoiamos o chamamento dos sindicatos palestinos para poñer fin a todas as formas de complicidade coas violacións israelís do dereito internacional humanitario e dos dereitos humanos, mesmo a través da Corte Penal Internacional. Facemos un chamamento a todos os sindicatos de Europa para que organicen e constrúan o movemento sindical en apoio das traballadoras e os traballadores palestinos e esixan o fin da matanza de poboación palestina, mesmo mediante un embargo de armas.

Saudamos aos estibadores de Barcelona e de Xénova, aos traballadores do sindicato de mariñeiros do Pireo e aos traballadores do transporte de Bélxica pola súa negativa para transportar e manipular armas utilizadas para cometer crimes de guerra en Gaza. Saudamos ao conxunto de traballadoras e traballadores de Estados Unidos, Reino Unido, Canadá e outros países por bloquear as instalacións de armamento.

Pedimos que se protexa urxentemente ao persoal que traballa para manter en funcionamento os servizos públicos e protéxanse estes servizos fundamentais como son a atención sanitaria, a auga e o saneamento, a enerxía, a educación, así como protección para os feridos, enfermos e civís que o necesitan. O dereito internacional debe respectarse e o castigo colectivo á poboación de Gaza debe terminar.

A clase traballadora de todo o mundo que toma partido polas traballadoras e traballadores palestinos envían unha poderosa mensaxe: nosa forza colectiva pode interromper o fluxo de armas! Úneche a nós na xornada de acción do 29 de novembro.

Rede Sindical Europea pola Xustiza en Palestina – European Trade Union Network for Justice in Palestine

* STEG, coma sindicato de fortes principios internacionalistas e de solidariedade entre pobos, participa, no marco de traballo colectivo da Confederación de STEs-Intersindical, na Rede Sindical Europea pola Xustiza en Palestina.